

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da convocatoria do proxecto RADIO NA BIBLIO, para a introdución da radio nas bibliotecas de centros públicos integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares que matriculan alumnado de educación infantil, primaria, ESO, bacharelato ou formación profesional, para o curso 2021/22.

Con data do 29 de setembro de 2021, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública, a través do Portal Educativo, a convocatoria do proxecto “Radio na biblio” para o curso 2021/22, dirixida a estimular o desenvolvemento do modelo de biblioteca cara a “centros creativos de aprendizaxes”, e promover a creación de emisoras/laboratorios de radio no contexto das bibliotecas escolares, co fin de favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumnado. Buscábase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Apuntábase a posibilidade de que o desenvolvemento dun laboratorio de radio na biblioteca escolar puidese estar asociado a un programa de voluntariado existente na propia biblioteca.

A convocatoria ía dirixida aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares (agás os incorporados na última convocatoria), que matriculan alumnado de ensino infantil, primaria, ESO, bacharelato ou formación profesional. Contemplaba a selección de **30 bibliotecas escolares** para a súa incorporación ao proxecto “Radio na biblio”, así como a continuidade dos centros incluídos no programa en anteriores convocatorias (sempre que a memoria de actividades do curso anterior acadase unha valoración positiva), previo o envío da solicitude correspondente.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes polos centros interesados, con data 26 de outubro réunese a comisión de valoración prevista no apartado 4 da convocatoria e elabora unha proposta de selección de centros, tras analizar que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos e segundo os criterios previstos:

1. Valoración acadada pola memoria da biblioteca do pasado curso 2020/2021 (terán prioridade aqueles centros que presentan unha actividade media-alta).
2. Localización: tendo en conta o anterior, procurárase unha distribución equilibrada polo territorio galego; ademais, un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles destinaranse a centros situados en concellos de ámbito rural.
3. No caso dos centros de continuidade, valorárase a memoria de actividades do proxecto “Radio na biblio” no curso 2020/2021, que deberá resultar positiva, así como a memoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, tamén do curso 2020/2021.

De acordo coa proposta formulada por esta comisión de valoración e de conformidade cos apartados 1, 3 e 4 do texto da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar de entre as solicitudes presentadas que se axustan aos requisitos da convocatoria e tendo en conta os criterios previstos, un total de **30 novos centros públicos**, para a súa participación no proxecto “Radio na biblio”, a desenvolver durante o curso escolar 2021/22, segundo a relación que aparece recollida no anexo I, coas asignacións correspondentes.

A contía asignada pola participación neste proxecto deberá destinarse á posta en marcha das actuacións necesarias para o funcionamento do laboratorio/emisora de radio, incluíndo a realización do obradoiro formativo para o sector do alumnado que se estime conveniente, procurando a continuidade do proxecto a medio prazo.

Os centros contarán co apoio da Asesoría de bibliotecas escolares, que orientará o seu desenvolvemento, realizará o seguimento oportuno, especialmente das actividades de formación e poñerá á súa disposición recursos de apoio necesarios.

Segundo.- **Admitir a continuidade** de 108 centros integrados en convocatorias anteriores de “Radio na biblio”, á vista das solicitudes presentadas e unha vez valorada a memoria de actividades do curso anterior.



Recibirán as asignacións que se recollen no anexo II desta resolución, que deberán destinarse á realización de obradoiros para o alumnado que se considere oportuno: obradoiros de formación para o alumnado en técnicas necesarias para o bo funcionamento da emisora, a elaboración de producións radiofónicas, ou o desenvolvemento de competencias mediáticas a través da radio; tamén poderán versar sobre lectura expresiva ou de mellora da expresión oral.

Estes obradoiros serán presenciais inicialmente, garantindo as medidas hixiénicas previstas para este tipo de actividades no escenario actual. De ser o caso, e en función das circunstancias sanitarias específicas, poderían ter un formato telemático. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares enviaranse pautas e algunhas propostas a valorar de cara a realización destas actividades.

Terceiro.- As bibliotecas integradas en Radio na biblio programarán, segundo o seu contexto, a posta en marcha e o desenvolvemento do laboratorio/emisora de radio, a formación que se inclúe para o alumnado que o equipo de biblioteca propoña, o deseño e posta en marcha de actividades así como a integración desta iniciativa na programación xeral da biblioteca.

Cuarto.- Todas as bibliotecas participantes deberán entregar ao finalizar o curso unha breve memoria das actividades desenvolvidas (máximo 2 páxinas e até 5 imaxes anexas). Así mesmo, achegarán unha produción sonora elaborada polo alumnado no contexto do proxecto “Radio na biblio”, acompañada dunha descrición do proceso debidamente documentado (contexto, contido, tarefas, guión, participantes...), para a súa difusión nun espazo web específico que se creará a tal efecto.

O prazo para a presentación da memoria e dos materiais referidos rematará o **10 de xullo de 2022**. Xunto coa memoria entregarase unha xustificación económica segundo modelo que se facilitará previamente. Toda esta documentación deberá remitirse en formato PDF a través do seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=radionabiblio2122/memoria>

Coa mesma data cubrirase o formulario web para recoller datos de valoración do proxecto que lles será remitido, coas instrucións pertinentes, desde esta Dirección Xeral (Asesoría de bibliotecas escolares).

Quinto.- Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Cultura, Educación e Univerisdade conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional(<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>).

Cando os centros fagan difusión nos seus espazos web das actividades desenvolvidas no laboratorio de radio da biblioteca, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e incorporar a imaxe do programa que se lles fará chegar desde esta dirección xeral en breve. Deberán rotularse, igualmente, co logo do programa, os espazos habilitados para o laboratorio de radio.

Santiago de Compostela, (*sinatura dixital*)

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Jesús Manuel Álvarez Bértolo





ANEXO I

NOVA INCORPORACIÓN RADIO NA BIBLIO				
Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación (€)
15032625	CEIP Agro do Muíño	Ames	A Coruña	2000
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	A Coruña	2000
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	A Coruña	2000
15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	Coruña, A	A Coruña	2000
15023405	CPI A Xunqueira	Fene	A Coruña	2000
15010575	CEIP O Coto	Negreira	A Coruña	2000
15011026	CEIP Plurilingüe da Rabadeira	Oleiros	A Coruña	2000
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	A Coruña	2000
27015751	CEIP Plurilingüe Vista Alegre	Burela	Lugo	2000
27009050	CEIP Plurilingüe Monte Baliño	Pantón	Lugo	2000
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	Lugo	2000
32020781	CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro	Barbadás	Ourense	2000
32001725	IES Lauro Olmo	Barco de Valdeorras, O	Ourense	2000
32016765	CIFP Portovello	Ourense	Ourense	2000
36015093	CEIP San Tomé	Cambados	Pontevedra	2000
36018653	CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	Guarda, A	Pontevedra	2000
36004484	CEIP da Laxe	Marín	Pontevedra	2000
36015871	CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	2000
36019441	CEIP de Petelos	Mos	Pontevedra	2000
36006067	CEIP Mestre Manuel García	Oia	Pontevedra	2000
36006833	CEIP San Martiño	Pontevedra	Pontevedra	2000
36014817	CEIP Plurilingüe da Igrexa-Chapela	Redondela	Pontevedra	2000
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	Pontevedra	2000
36019256	IES de Vilalonga	Sanxenxo	Pontevedra	2000
36008878	CEIP Plurilingüe Cruceiro	Sanxenxo	Pontevedra	2000
36025013	CEIP Manuel Padín Truiteiro	Soutomaior	Pontevedra	2000
36010484	CEIP Eduardo Pondal	Vigo	Pontevedra	2000
36010691	CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares	Vigo	Pontevedra	2000
36018461	IES República Oriental do Uruguai	Vigo	Pontevedra	2000
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra	2000





ANEXO II

CONTINUIDADE RADIO NA BIBLIO				
Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación (€)
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña	500 €
15032807	IES do Milladoiro	Ames	A Coruña	500 €
15001136	IES Francisco Aguiar	Betanzos	A Coruña	500 €
15026352	IES Brión	Brión	A Coruña	500 €
15001926	CPI As Revoltas	Cabana de Bergantiños	A Coruña	500 €
15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	Cambre	A Coruña	500 €
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	A Coruña	500 €
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	A Coruña	500 €
15032959	CEIP Vicente Otero Valcárcel	Carral	A Coruña	500 €
15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	500 €
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	500 €
15003534	CEIP da Barqueira	Cerdido	A Coruña	500 €
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña	500 €
15026421	IES Plurilingüe Rafael Dieste	Coruña, A	A Coruña	500 €
15005026	CEIP Sanjurjo de Carricarte	Coruña, A	A Coruña	500 €
15021627	CEIP Emilia Pardo Bazán	Coruña, A	A Coruña	500 €
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña, A	A Coruña	500 €
15027708	CEIP Plurilingüe Ría do Burgo	Culleredo	A Coruña	500 €
15005932	CEIP de Curtis	Curtis	A Coruña	500 €
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	A Coruña	500 €
15007655	CEIP de Caión	Laracha, A	A Coruña	500 €
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña	500 €
15008714	CPI Plurilingüe da Picota	Mazaricos	A Coruña	500 €
15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	A Coruña	500 €
15008817	IES de Melide	Melide	A Coruña	500 €
15009810	CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío	Muros	A Coruña	500 €
15024239	CEIP dos Muíños	Muxía	A Coruña	500 €
15032911	CEIP Juana de Vega	Oleiros	A Coruña	500 €
15024963	CEIP Plurilingüe de Andrade	Pontedeume	A Coruña	500 €
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son	A Coruña	500 €
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña	500 €
15025281	CEIP de Olveira	Ribeira	A Coruña	500 €
15014544	CEIP Plurilingüe O Grupo	Ribeira	A Coruña	500 €
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña	500 €
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	A Coruña	500 €
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña	500 €
15017880	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro	A Coruña	500 €
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	A Coruña	500 €
15019281	CPI de Zas	Zas	A Coruña	500 €





27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo	500 €
27001609	CEIP Ramón Falcón	Castro de Rei	Lugo	500 €
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	500 €
27004428	CEIP Plurilingüe de Foz nº 1	Foz	Lugo	500 €
27006383	CEIP A Ponte	Lugo	Lugo	500 €
27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	Mondoñedo	Lugo	500 €
27016662	CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Lugo	500 €
27010155	CEIP da Pobra de Brollón	Pobra do Brollón, A	Lugo	500 €
27012450	CPI Dr. López Suárez	Saviñao, O	Lugo	500 €
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carne	Sober	Lugo	500 €
27013387	CEIP de Celeiro	Viveiro	Lugo	500 €
27016406	CEIP Plurilingüe de Covas	Viveiro	Lugo	500 €
32015116	CEIP Plurilingüe Condasa de Fenosa	Barco de Valdeorras, O	Ourense	500 €
32002122	CEIP Nosa Señora de Xuvencos	Boborás	Ourense	500 €
32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez	Celanova	Ourense	500 €
32006358	CEIP Plurilingüe do Xurés	Lobios	Ourense	500 €
32008847	CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso	Ourense	Ourense	500 €
32016029	CEIP Plurilingüe Ben-Cho-Shey	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	500 €
32010601	CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso	Pobra de Trives, A	Ourense	500 €
32016637	IES Cosme López Rodríguez	Rúa, A	Ourense	500 €
32012711	CEIP Saco e Arce	Toén	Ourense	500 €
32014151	CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense	500 €
32005691	CEIP Padre Crespo	Xunqueira de Ambía	Ourense	500 €
36003480	CEIP de Agolada	Agolada	Pontevedra	500 €
36000375	CEIP Plurilingüe da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra	500 €
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	Pontevedra	500 €
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	Pontevedra	500 €
36000508	CEIP Plurilingüe de Castrelo	Cambados	Pontevedra	500 €
36018975	CEIP A Rúa	Cangas	Pontevedra	500 €
36015950	CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán	Cangas	Pontevedra	500 €
36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	500 €
36001707	CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro	Crecente	Pontevedra	500 €
36013618	CEIP de Figueiroa	Estrada, A	Pontevedra	500 €
36003832	CEIP Valle-Inclán	Grove, O	Pontevedra	500 €
36014611	CEIP A Lama	Lama, A	Pontevedra	500 €
36004681	CEIP de Seixo	Marín	Pontevedra	500 €
36024604	CRA de Meis	Meis	Pontevedra	500 €
36013552	CEIP de Seara	Moaña	Pontevedra	500 €
36016607	CEIP de Quintela	Moaña	Pontevedra	500 €
36017648	CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos	Pontevedra	500 €
36013564	CEIP Plurilingüe Pena de Francia	Mos	Pontevedra	500 €
36016619	CEIP de Atín-Cela	Mos	Pontevedra	500 €
36007060	CEIP Plurilingüe de Chancelas	Poio	Pontevedra	500 €
36018690	CEIP de Cabanas	Pontevedra	Pontevedra	500 €





36006109	CEIP de Parada-Campañó	Pontevedra	Pontevedra	500 €
36017715	CEIP Plurilingüe Antonio Palacios	Porriño, O	Pontevedra	500 €
36007035	CPI Domingo Fontán	Portas	Pontevedra	500 €
36016644	CEIP de Laredo	Redondela	Pontevedra	500 €
36014881	CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda	Redondela	Pontevedra	500 €
36015007	CEIP de Cedeira	Redondela	Pontevedra	500 €
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	Rosal, O	Pontevedra	500 €
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	Pontevedra	500 €
36009032	CEIP Ramón de Valenzuela	Silleda	Pontevedra	500 €
36009524	CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán	Tomíño	Pontevedra	500 €
36009901	IES San Paio	Tui	Pontevedra	500 €
36009846	CEIP Plurilingüe Nº 1	Tui	Pontevedra	500 €
36024112	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Pontevedra	500 €
36018161	CEP Plurilingüe Xesús Ferro Couselo	Valga	Pontevedra	500 €
36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra	500 €
36010101	CEIP O Sello	Vigo	Pontevedra	500 €
36015627	CEIP García Barbón	Vigo	Pontevedra	500 €
36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis	Vigo	Pontevedra	500 €
36010733	CEE Saladino Cortizo	Vigo	Pontevedra	500 €
36020374	IES Valadares	Vigo	Pontevedra	500 €
36012377	CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas	Vila de Cruces	Pontevedra	500 €
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra	500 €
36016991	CEP Plurilingüe de Riomaior	Vilaboa	Pontevedra	500 €
36012742	CEIP de Vilaxoán	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	500 €
36013096	CEIP Plurilingüe de San Bartolomé	Vilanova de Arousa	Pontevedra	500 €

